

Expte. nº 4/2016: **SERVIZO DE "BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO"**

Asunto: Adxudicación do contrato

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Completada a tramitación do procedemento aberto para a contratación do servizo de **"BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, coa presentación da documentación requirida ao licitador proposto para a adxudicación deste contrato e vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal de data 1 de xuño de 2016, esta Alcaldía **RESOLVE**:

1º) Adxudicar á empresa "TRABAJOS Y MANTENIMIENTOS DE ESTRUCTURAS SUMERGIDAS SL", o contrato de "Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo". O contrato, comezará a computar dende a data da sinatura do mesmo ata o 2 de xuño de 2017, levantándose Acta de entrega de todo o material de propiedade municipal ao contratista, no comezo da prestación do contrato.

A presente adxudicación será conforme aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polas que se rixe esta contratación, e a oferta presentada polo adxudicatario, que prestará o servizo referido polo prezo de **CINCONTA E CATRO MIL TRESCENTOS DEZASEIS CON NOVENTA (54.316,90) EUROS (IVE ENGADIDO)**, debendo procederse a formalización de contrato en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, conforme o sinalado na **cláusula 16ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación presentáronse cinco plicas, sendo admitidas todas elas:

- **Plica núm. UN:** Presentada por **"Trabajos y Mantenimientos de Estructuras Sumergidas S.L."**, que ofertou o prezo máis baixo, sinalado con anterioridade na presente resolución, único criterio de adxudicación, de acordo á cláusula 9ª do Prego respectivo, resultando ser á plica máis valorada pola Mesa de contratación, de conformidade coa súa proposta de adxudicación de data 23 de maio de 2016, obrante no expediente.
- **Plica núm. DOUS:** Presentada por **"Botamavi Servicios Generales**

Marítimos SL", que ofertou realizar o servizo polo prezo de **SESENTA E OITO MIL SETENTA E OITO CON OITENTA (68.078,80) EUROS (IVE ENGADIDO)**, que foi a segunda mais valorada das plicas presentadas.

- **Plica núm. CATRO:** Presentada por **"Empresa de servicios turísticos, equipamientos, logística y asesoramiento S.L."**, que ofertou realizar o servizo polo prezo de **SESENTA E OITO MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO (68.365,00) EUROS (IVE ENGADIDO)**, resultando ser a oferta que presenta o terceiro prezo mais baixo.
- **Plica núm. CINCO:** Presentada por **"Subdramar 2008 SL"**, que ofertou realizar o servizo polo prezo de **SESENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E NOVE (69.869,00) EUROS (IVE ENGADIDO)**, resultando ser a oferta que presenta o cuarto prezo mais baixo.
- **Plica núm. TRES:** Presentada por **"Servi-sub Bueu S.L."**, que ofertou realizar o servizo polo prezo de **SETENTA MIL (70.000,00) EUROS (IVE ENGADIDO)**, resultando ser a oferta que acada o prezo mais alto, e consecuentemente a menos valorada e que acada o quinto e último prezo mais baixo.

3º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a tres de xuño de dous mil dezaseis.

O alcalde


Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral


Angel Luis López Pita